

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025

Enfermeiro/a

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, cal dos seguintes non é un órgano de participación social?

- A) O Consello asesor de pacientes.
- B) Os consellos de saúde de distrito.
- C) O Consello galego de saúde.
- D) O Foro de Participación Institucional de Sanidade.

2. É persoal estatutario interino o que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, é nomeado como tal con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de persoal estatutario en caso de:

- A) Exceso ou acumulación de tarefas, detallándose as mesmas, concretando a data do inicio e fin do nomeamento, por un prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.
- B) Exceso ou acumulación de tarefas, detallándose as mesmas, concretando a data do inicio e fin do nomeamento, por un prazo máximo de dous meses, dentro dun período de tres meses.
- C) Exceso ou acumulación de tarefas, detallándose as mesmas, concretando a data do inicio e fin do nomeamento, por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.
- D) Exceso ou acumulación de tarefas, detallándose as mesmas, concretando a data do inicio e fin do nomeamento, por un prazo máximo de tres meses, dentro dun período de seis meses.

3. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes é competencia exclusiva do Estado?

- A) As relacións e acordos sanitarios nacionais.
- B) O rexistro xeral sanitario de alimentos.
- C) A sanidade exterior.
- D) A homologación xeral dos postos de traballo dos servizos sanitarios.

4. A Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais ten por obxecto garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido no artigo:

- A) 1 da Constitución.
- B) 18.4 da Constitución.
- C) 24.1 da Constitución.
- D) 43.2 da Constitución.

5. Cal dos seguintes é un valor superior do ordenamento xurídico?

- A) A liberdade.
- B) A xustiza.
- C) A igualdade.
- D) Todas son correctas.

6. Sinala a opción de resposta verdadeira en relación co réxime de provisión e selección de prazas do Servizo Galego de Saúde:

- A) As persoas aspirantes nomeadas disporán do prazo de quince días para incorporarse ao destino adxudicado.
- B) A selección efectuarase con carácter xeral polo procedemento de oposición.
- C) O proceso selectivo iniciarase mediante oferta pública de emprego publicada no Diario Oficial de Galicia.
- D) O proceso selectivo iniciarase mediante convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia.

7. Quen elixe ao presidente da Xunta?

- A) O Rei.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) A cidadanía directamente.
- D) As Cortes Xerais.

8. As disposicións de carácter laboral contidas na Lei de prevención de riscos laborais e nas súas normas regulamentarias terán en todo caso o carácter de:

- A) Dereito necesario máximo dispoñible.
- B) Dereito necesario mínimo indispoñible.
- C) Dereito necesario máximo indispoñible.
- D) Dereito necesario mínimo dispoñible.

9. De acordo co Estatuto de Autonomía, cal é a lingua propia de Galicia?

- A) O galego.
- B) O castelán.
- C) O castelán e o galego.
- D) O castelán, o galego e o portugués.

10. Cal é o idioma oficial do Estado?

- A) Castelán.
- B) Español.
- C) O Estado non ten un único idioma oficial.
- D) As opcións a) e b) son correctas.

11. Que Lei Orgánica aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) Lei Orgánica 1/1978.
- B) Lei Orgánica 9/1992.
- C) Lei Orgánica 1/1981.
- D) Lei Orgánica 1/1983.

12. Segundo a Constitución española, quen é o Xefe do Estado?

- A) A persoa que ocupe a presidencia do Goberno.
- B) O Rei.
- C) A persoa que ocupe a presidencia do Congreso.
- D) A persoa que ocupe a presidencia do Senado.

